



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DE ABEGONDO, CELEBRADA O DÍA 17 DE XUÑO DE 2023.

**EXPEDIENTE:** 2023/G010/000005

Na Casa Consistorial do Concello de Abegondo e no seu Salón de Sesiões, sendo o doce horas da mañá do día 15 de xuño de dous mil dezanove, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Xeral Electoral, e o art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, concorren debidamente convocados, os concelleiros electos nas Eleccións Locais convocadas por Real Decreto 424/2011, de 28 de marzo, e que son:

José Antonio Santiso Miramontes  
Laura C. Calvo Quintela  
Alberto Seoane Brandariz  
Gustavo Manuel Quindimil Gómez  
Francisca Bestilleiro Roel  
Marcos Zapata Díaz  
José María Caamaño Nogueira  
Silvia Taboada Carro  
Jairo Bello Vidal  
Ana María García Mayo  
José Cañas Otero  
Jesús García Nuñez  
Blandino García Roel

Constitúen un total de trece concelleiros electos e por tanto, a maioría absoluta dos concelleiros electos esixida no artigo 195.4 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño do Réxime Xeral Electoral e reúnen-se ao obxecto de celebrar a sesión pública Extraordinaria de Constitución do Concello, dando fe do acto o Secretario accidental do Concello José Antonio Varela Doval.

O secretario e a interventora municipais, asisten coa documentación a que se refire o artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

### **1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**

Aberta a Sesión, polo Secretario dáse lectura ao contido do art. 195 da L.O. 5/1985 e 37.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais:

“ARTIGO 195 DA LEI ORGÁNICA NUMERO 5/1.985, DE 19 DE XUÑO, DO RÉXIME ELECTORAL XENERAL, QUE DISPÓN O SEGUINTE:

“1.- As Corporacións Municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das Eleccións, salvo que se presentou recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás Eleccións.

2.- A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3.- A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

certificacións que ao Concello remítase a Xunta Electoral de Zona.

4.- Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que for o número de Concelleiros presentes."

Procedéndose a continuación a chamar aos concelleiros electos de maior e menor idade dos presentes, ao obxecto de formar a Mesa de Idade, segundo establecen os preceptos antes citados, correspondendo a designación a José María Caamaño Nogueira e José Cañas Otero, que pasan a ocupar o lugar destinado ao efecto, quedando constituída a Mesa de Idade polos seguintes señores:

José María Caamaño Nogueira, Concelleiro Electo de maior idade.  
José Cañas Otero, concelleiro Electo de menor idade.  
José Antonio Varela Doval. Secretario accidental da Corporación.

## **2.- CONSTITUCIÓN DO CONCELLO.**

Constituída a Mesa de Idade, o Secretario remítase ao art. 195.4 da L.O. 5/1985 e 37 do R.O.F. e aos nomes e apelidos dos Señores concelleiros electos que asisten á Sesión procedéndose pola Mesa de Idade a examinar as credenciais presentadas polos trece concelleiros electos presentes, as cales se atopan conformes á vista da certificación remitida ao efecto a este Concello pola Xunta Electoral de Zona.

Seguidamente o Secretario refírese aos Artigos 6, 7, 177 e 178 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Xeral Electoral e pola Mesa de Idade convídase os concelleiros electos presentes a que manifesten neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación.

Ningún concelleiro fai manifestación algunha polo que a Mesa de Idade considera que aos presentes non lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida.

Polo Secretario dáse conta de que os candidatos electos, son os seguintes:

José Antonio Santiso Miramontes  
Laura C. Calvo Quintela  
Alberto Seoane Brandariz  
Gustavo Manuel Quindimil Gómez  
Francisca Bestilleiro Roel  
Marcos Zapata Díaz  
José María Caamaño Nogueira  
Silvia Taboada Carro  
Jairo Bello Vidal  
Ana María García Mayo  
José Cañas Otero  
Jesús García Nuñez  
Blandino García Roel



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Así mesmo en cumprimento do disposto no punto 5 do artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada polo artigo 4 da Lei 9/1991 de 22 de marzo, e art. 30 a 32 do R.O.F., polo Secretario Xeral maniféstase que presentaron declaración sobre os seus bens patrimoniais, causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos que afectan ou poidan afectar ao ámbito de competencia da Corporación.

A continuación ponse en coñecemento dos concelleiros electos concorrentes que, de conformidade co disposto no número 8 do art. 108 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Xeral Electoral modificado pola L.O. 8/1991 de 13 de marzo, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de concelleiro, os candidatos electos deberán xurar ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou Regulamentos respectivos polo que de acordo co artigo 1 do Real Decreto 707/79 de 5 de abril formúlaseselles a cada un dos candidatos electores a seguinte pregunta: "*¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*"

Contestando:

José Antonio Santiso Miramontes	XURO
Laura C. Calvo Quintela	XURO
Alberto Seoane Brandariz	XURO
Gustavo Manuel Quindimil Gómez	XURO
Francisca Bestilleiro Roel	PROMETO
Marcos Zapata Díaz	PROMETO
José María Caamaño Nogueira	XURO
Silvia Taboada Carro	PROMETO
Jairo Bello Vidal	PROMETO
Ana María García Mayo	XURO
José Cañás Otero	XURO
Jesús García Nuñez	XURO
Blandino García Roel	PROMETO POR IMPERATIVO LEGAL

Unha vez finalizado o acto de promesa ou xuramento do cargo, a Mesa de Idade declara constituída a Corporación.

### 3.- ELECCIÓN DO ALCALDE.

Inmediatamente despois da Constitución da Corporación o Secretario dá lectura ao artigo 196 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Xeral Electoral que establece o procedemento para a elección de Alcalde. O artigo 196 da Lei Orgánica número 5/1.985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, establece o seguinte:

"Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.
- Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate resolverase por sorteo. En cumprimento da citada normativa poden ser candidatos para alcalde ou alcaldesa os concelleiros/as que encabezan as correspondentes listas, que se ratifican na súa intención de presentarse a Alcalde e que son:

<u>Candidato</u>		<u>Lista Electoral eleccións</u>
José Antonio Santiso Miramontes	PP	1.993
Jairo Bello Vidal	PSOE	983
Blandino García Roel	BNG	365

Polo Secretario nomease a cada un dos concelleiros/as, votando cada un a voz alzada. Terminada a votación, a Mesa de Idade procede a levar a cabo o escrutinio que dá o seguinte resultado:

- Votos emitidos: 13
- Votos válidos: 13
- Votos en branco: 0
- Votos nulos: 0

Os votos válidos distribúense da seguinte forma:

<u>Candidatos</u>	<u>Votos obtidos</u>
José Antonio Santiso Miramontes	8
Jairo Bello Vidal	4
Blandino García Roel	1

**B)** Obtendo maioría absoluta o candidato **José Antonio Santiso Miramontes** que encabeza a lista presentada polo PP de conformidade co disposto no art. 196 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño, a mesa decláralo Alcalde electo do Concello de Abegondo.

#### 4.- TOMA DE POSESIÓN.

Acto seguido, ponse en coñecemento dos asistentes que, de conformidade co disposto no Artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril e artigo 40 nº 2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das corporacións locais, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Alcalde o candidato electo debe xurar ou prometer o cargo con subxección á fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/79 do 5 de abril polo que se formula ao candidato electo a seguinte pregunta: “¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

Contestando José Antonio Santiso Miramontes, sí, xuro.

Seguidamente fáiselle entrega a José Antonio Santiso Miramontes do Bastón de Alcalde e pasa a ocupar a cadeira de brazos presidencial da Mesa do Salón de Sesiós da Corporación Municipal.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

O Alcalde Presidente convida a que interveñan e faga uso da palabra os concelleiros que encabeza as listas que obtiveron representación neste Concello (neste caso son dúas, farase comezando pola lista que obtivo menor número de votos nas eleccións).

Convidado Blandino García Roel, do BNG, indica na súa intervención: Nesta nova andaina de catro anos, O Bloque entra por primeira vez na Corporación, intentaremos traballar arreo para defender os intereses do pobo de Abegondo, somos unha alternativa que non se debe a ninguén, só aos galegos e aos galegos e galegas. Intentaremos traballar arreo para conseguir iso. Os meus parabéns a toda a Corporación.

Convidado Jairo Bello Vidal, do PSOE, indica na súa intervención: Gracias aos asistentes e grazas por a confianza que se nós outorgou, tanto eu como o grupo que represento intentaremos estar a altura, faremos a nosa función e seremos o máis transparentes posibles no cargo que nos ocupa coma oposición.

Pecha as intervencións o Alcalde-Presidente, José Antonio Santiso Miramontes, quen manifesta: En primeiro lugar gustárame facer entrega dun agasallo conmemorativo a todos os concelleiros. [Faise entrega nominativamente a cada un dos concelleiros dunha medalla e un pin municipal]

“Para o que non saiba a miña andadura persoal son de Abegondo, nacín aquí, teño 62 anos e son de pais e avós de Abegondo. A partir do ano 1995 cando maioritariamente me apoiaron os veciños son alcalde de Abegondo, 23 anos os que levo como alcalde, e tiven outras etapas nas que representei a Abegondo en outros lugares, sempre intentando levar o nome de Abegondo polo mundo.

Agradecer as persoas que nos acompañan e agradecer aos cidadáns e cidadás de Abegondo o seu apoio maioritario, un 60 % dos votos, tendo máis votos e máis porcentaxe que nas últimas eleccións. Nunca pagarei o apoio da xente, en todas as mesas electorais obtivemos a maioría.

Agradecer aos compoñentes da Corporación e o resto da lista e en especial mención a miña secretaria Belén.

Quero dar os parabéns a xente que representa a oposición, que supón unha representación dunha parte do electorado, un 40 % do mesmo.

Durante todos os anos que me adiquei a vida pública nin con empresa nin por medio de familiares traballei directamente ou indirectamente para o Concello. A miña declaración de bens non mudou.

Tentarei poñer en marcha o programa das eleccións, dentro das posibilidades que existan e as propostas sexan axeitas levalas acabo.

Dedicar o meu cargo a familia e a Belén Taboada, funcionaria que traballou de xeito incansable por Abegondo e que por desgraza nos deixou fai pouco

Intentaremos gobernar para todos e para todas, intentarei ser o alcalde de todos ”



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

E non habendo máis asuntos que tratar polo Presidente levántase a sesión sendo as 12 horas e trinta minutos de todo o cal como Secretario, dou fe.

O Alcalde Presidente  
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario accidental  
José Antonio Varela Doval



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.